



CLUB NATACIÓN FERROL – ELINCO
 R/ Emilia Pardo Bazán nº 46, baixo
 15406 (Ferrol)
 Tel./Fax.: 981 32 47 12
 Correo: info@natacionferrol.com
 Páx. Web: www.natacionferrol.com



Estimado/a deportista:

No mes de febreiro de 2010 foron ratificados pola Secretaría Xeral para o deporte da Xunta de Galicia os novos Estatutos do Club Natación Ferrol, nos que se recolle unha nova categoría de socio numerario: *deportista*, polo cal sairán beneficiados todos os nadadores/as maiores de idade, xa que a súa cota do Club será de 15€ mensuais se cumpren as seguintes condicións estipuladas no artigo 16 dos Estatutos do CNF:

- 16.2 Participar en todas as competicións que o equipo técnico o convoque.
- 16.3 Estar en posesión de licenza territorial no momento da proposta, e tela tamén tramitada na tempada anterior, acreditando a súa participación nesa tempada deportiva en competicións de carácter oficial.
- 16.4 Recoller todos os premios, recompensas e distincións coa uniformidade do Club, agás disposicións superiores en contra.

Porén e tras seguir as canles estipuladas estatutariamente, a proposta do Equipo Técnico, a Xunta Directiva quere darlle a posibilidade de pasar á condición a ser socio/a numerario deportista. Para isto, deberás cubrir a solicitude que se expón a continuación e entregala canto antes para que poida ser tramitada.

Estando á túa disposición para o que precises, un cordial saúdo deportivo.

A XUNTA DIRECTIVA DO CLUB NATACIÓN FERROL

SOLICITUDE DE INSCRIPCIÓN COMO SOCIO DEPORTISTA

APARTADO 1 (a cubrir polo Club):

NÚMERO DE SOCIO/A	TIPO DE SOCIO/A	DATA DE ALTA
	NUMERARIO/DEPORTISTA	

APARTADO 2 (a cubrir polo solicitante):

DATOS DO SOCIO/A DEPORTISTA (MAIOR DE IDADE)

PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NOME	DNI
CORREO(S) ELECTRÓNICO		TELÉFONO FIXO	TELÉFONO(S) MÓBIL
ENDERZO FAMILIAR (RÚA, NÚMERO, ESCALEIRA, PISO, LETRA, etc.)		CÓDIGO POSTAL	LOCALIDADE
LUGAR E DATA DE NACEMENTO		OBSERVACIÓNS A TER EN CONTA:	
NÚMERO CÓDIGO DE CONTA CLIENTE		ENTIDADE BANCARIA	

ANEXO I

O solicitante abaixo asinante:

- Solicita a súa admisión como socio numerario deportista do Club Natación Ferrol para o cal achega a súa fotocopia de DNI.
- Autoriza ao cobro do recibo mensual ao Club Natación Ferrol alegando ser o titular da conta anteriormente exposta, de non o ser deberase entrar o anexo II cuberto.
- Asegura ter lido o documento de tratamento dos datos persoais e o artigo 16 do Estatutos do CNF e acéptalos e comprométese ao cumprimento deste último.

SELO DE ENTRADA DO CLUB

En _____, _____ de _____ de 20__

SINATURA DO DEPORTISTA,

SR. PRESIDENTE DO CLUB NATACIÓN FERROL



CLUB NATACIÓN FERROL – ELINCO

R/ Emilia Pardo Bazán nº 46, baixo

15406 (Ferrol)

Tel./Fax.: 981 32 47 12

Correo: info@natacionferrol.com

Páx. Web: www.natacionferrol.com



TRATAMENTO DOS DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

Os datos facilitados na “ficha de inscrición” serán recollidos co seu consentimento, informado nos termos do artigo 5 da Lei Orgánica 15/1999, de conformidade cos principios dispostos nela e serán incorporados a un ficheiro inscrito na Axencia Española de Protección de Datos, cuxa titularidade corresponde ao Club Natación Ferrol. A finalidade deste ficheiro será a de ter unha constancia tanto dos asociados do Club como dos seus deportistas, a xestión da licenza federativa deste últimos, tanto territorial como nacional, para a súa participación nos cursos e campionatos aos que conorra, así como para o envío das notificacións e publicacións do Club.

Os datos dos socios/as serán tratados unicamente polo persoal autorizado do Club, para o envío das cotas mensuais, envío das notificacións e publicacións do Club.

Os datos dos deportistas serán tratados polo persoal autorizado do Club e serán cedidas ás Federación Galega de Natación que os remitirá á empresa de asistencia sanitaria, para a xestión do seguro médico obrigatorio dos seus federados e o tratamento das posibles lesións ou accidentes acaecidos durante o desempeño da actividade. Así mesmo, cando o deportista participe en competicións de ámbito territorial ou nacional, os seus datos serán cedidos á Federación Galega de Natación e á Real Federación Española de Natación, respectivamente, así como aos distintos comités para o estudo, tramitación ou resolución dos distintos expedientes iniciados no seo das federacións derivados da práctica da natación.

O deportista acepta e consente que durante a realización dos eventos, cursos, campionatos, concursos e demais actividades nas que participe o Club, poidan realizarse sesións fotográficas para a súa posterior inclusión nas memorias anuais, na páxina web do Club (www.natacionferrol.com), publicidade do Club e demais documentación que teña como fin principal o fomento e difusión da natación.

No caso de que o deportista sexa menor de idade, será o representante legal coa súa sinatura quen dea validez á aceptación e consentimento do anteriormente exposto e así mesmo, autoriza ao seu representado a realizar os desprazamentos oportunos para participar nos eventos, cursos, campionatos, concursos e demais actividades nas que participe oficialmente o Club

As autorización emanadas deste documento veranse prorrogadas até que se manifeste o contrario por escrito dirixido ao Club Natación Ferrol na seguinte dirección R/ Emilia Pardo Bazán nº 46, baixo 15406 Ferrol, acompañados da copia do DNI ou pasaporte; ou enviando un correo a secretaria@natacionferrol.com, anexando unha copia do DNI ou asinando o correo cun certificado dixital; ou se curse abaixo no Club.

Os deportistas e socios/as, se o desexan, poden acceder, rectificar, cancelar e oporse ao tratamento dos seus datos, dirixíndose ao Club Natación Ferrol na seguinte dirección: R/ Emilia Pardo Bazán nº 46, baixo 15406 Ferrol, acompañados da copia do DNI ou pasaporte; ou enviando un correo a secretaria@natacionferrol.com, anexando unha copia do DNI ou asinando o correo cun certificado dixital.